

BASES DO "II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DA EONP FERROL 2019/20"

Có motivo da celebración do Día da Muller o 8 de Marzo, a E.O.N.P. de Ferrol, coñecedora da baixa presenza da muller no ámbito do mar, e sendo un centro formativo de referencia no ámbito pesqueiro, convoca o "I concurso de fotografía" coa temática **"MULLERES DO MAR"**, co fin de dar visibilidade á figura da muller nun campo no que o seu papel ten máis importancia do que se reflexa na historia e na sociedade.

As bases do concurso son as seguintes:

I. PARTICIPANTES

- Poderase presentar calquera alumn@ matriculado na EONP de Ferrol, no curso actual.
- Poderase presentar calquera membr@ da comunidade educativa da EONP de Ferrol.
- Non se poderán presentar os membros que forman parte do xurado.

II. PRESENTACIÓN

- Presentarase unha fotografía por participante, sempre que fose realizada por esa persoa.
- As fotografías deben ser orixinais e inéditas. Realizaránse de forma libre (móbil, cámara dixital,..)
- Admitiranse imaxes en cor ou en branco e negro. As fotomontaxes quedarán totalmente prohibidas neste concurso.

III. TEMÁTICA

As fotografías teñen que estar relacionadas coa temática da convocatoria, que este ano **"MULLERES DO MAR"**.

IV. FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN

OPCIÓN A

As fotografías poderán entregarse nun sobre na conserxería da EONP Ferrol.

OPCIÓN B

Tamén poderán enviarse por mail ao enderezo escola.nautica.ferrol@edu.xunta.es, indicando en

Asunto: Concurso Fotografía, as fotografías en formato dixital .jpg cun tamaño non superior a 3.200x2.400 píxeles.

En ambas dúas opcións as fotografías deberá ir acompañadas de:

- Nome e apelidos.
- Curso no que estás matriculado ou posto de traballo que ocupa.
- Enderezo e teléfono móbil.
- Título da fotografía.
- Características (lugar, hora, formato,...)
- Breve explicación do significado.

BASES DO "II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DA EONP FERROL 2019/20"

V. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación comeza o día **1 de marzo de 2020 ás 10:00h** e remata o **30 de marzo de 2020 as 23:59h**, de forma improrrogable, no lugar e formato establecidos no anterior apartado.

VI. XURADO

O xurado estará formado por un profesor/a, por un traballador/a do centro e por un alumno/a.

Valorarase a orixinalidade, a creatividade e a mensaxe que transmita relacionada coa temática **"MULLERES DO MAR"**.

O xurado descartará aquelas fotografías que non reunan un mínimo imprescindible de calidade ou que puideran resultar ofensivas ou de mal gusto para as/os protagonistas da imaxe.

VII. PREMIOS

Os premios consistirán en:

1º Premio: Suadoiro serigrafiada co logo da EONP.

2º Premio: Libro "O Mar da Memoria" unha produción da axencia Rivadela.

3º Premio: Camiseta serigrafiada co logo da EONP.

VIII. EXPOSICIÓN DAS IMAXES

Habilitarase un taboeiro na EONP exclusivo para este concurso onde serán expostas todas as fotografías presentadas a concurso e poderán aparecer tamén na nosa web.

IX. ENTREGA DE PREMIOS

O resultado do xurado darase a coñecer o día 5 de abril mediante un acto que se celebrará no salón de actos da escola, e colgarase posteriormente no taboeiro da EONP.

X. LICENZA DE USO DE FOTOGRAFÍAS

A EONP de Ferrol comprométese a usar ditas fotografías só con fins promocionais ou culturais, nunca con fins de lucro nin en ningunha actividade de tipo comercial.

XI. ACEPTACIÓN

O feito de participar no concurso supón a total aceptación das presentes bases, así como as decisións do xurado.

A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases.

